

# ANPA “A Barcalesa”

## QUE É A ANPA?

A ANPA “A Barcalesa” é a Asociación de Nais e Pais de Alumnado do instituto.

Unha ANPA é un importante órgano de participación a través do cal as familias se informan, participan e cooperan no desenvolvemento das actividades lectivas e complementarias do centro.

## EN QUE TE PODE AXUDAR A ANPA?

- A ANPA represéntate no Consello Escolar.
- Busca axudas para adquirir materiais didácticos e lúdicos para os teus fillos.
- Organiza actividades dentro e fora do horario lectivo como os recreos lúdicos, talleres de programación e robótica...
- Infórmate de cuestións importantes relacionadas co funcionamento e mellora do centro.

## COMO PODES AXUDAR TI?

Inscribíndote, colaborando e participando activamente aportando ideas ou trasladando as túas preocupacións e inquietudes. É importante que te fagas socio da ANPA.

## RESUMO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO CURSO 2017-2018

- Compra de mesa de Ping-Pong exterior.
- Organización dos recreos lúdicos.
- Obradoiros para alumnado de 1º e 2º ESO impartidos por Isabel Ponte.
- Curso de robótica.
- Obradoiro sobre educación emocional impartido por Aixa Permuy.
- Colaboración nas actividades extraescolares (**Axuda de 20 € ao alumnado que participou nas viaxes a Roma, Lisboa, París e Londres**).

## XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTA:	María José Carballo Villar
VICEPRESIDENTA:	Gemma Quintáns Mayo
SECRETARIA:	Esperanza Mayo Rodríguez
TESOUREIRO:	Pablo Rey Mayo
VOCAL 1:	Eva Caamaño Leis
VOCAL 2:	Carmen Campos Crespo
VOCAL 3:	Manola Corzón Blanco
VOCAL 4:	Susana Ferrín Negreira

VOCAL 5:

Antonio Pereiras Ferreiro

## CONTACTO

Teléfono: 600 319 660

## FACERSE SOCIO

A cuota anual de socio é de **15€**. O prazo para facerse socio remata o **31 de xaneiro de 2019**.  
Pódese facer socio a través dos membros da xunta directiva ou preferiblemente, facendo un ingreso bancario na conta de ABANCA:

**ES63 2080 0305 0630 4000 9371**

*Será necesario indicar o nome do alumno/a ou alumnos/as, así como o curso.*